

Bases das axudas a proxectos de asociacións profesionais de autores e editores

Convocatoria 2018

Esta convocatoria ten unha dotación total de 150.000 euros, cun máximo de 10.000 euros (impostos incluídos) por asociación ou federación de asociacións

Primeira: solicitantes

A Fundación SGAE estudará as solicitudes de axudas presentadas por asociacións ou federacións de asociacións que agrupen autores ou editores de música e/ou representen os intereses profesionais destes naqueles campos da creación nos que a SGAE desenvolve a súa actividade: música, artes escénicas e audiovisuais.

As asociacións ou federacións que soliciten axuda para o desenvolvemento de proxectos deben cumprir cos seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas como asociación ou federación de asociacións con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2017.
2. Desenvolver actividade demostrable documentalmente polo menos nos 12 meses previos ao 19 de marzo de 2018.
3. Non ter saldo debedor con SGAE se fose o caso.

Unha asociación ou federación de asociacións poderá recibir nesta mesma convocatoria axudas por diferentes proxectos, pero o importe total concedido nunca superará os 10.000 euros (impostos incluídos).

Se una mesma asociación ou federación presenta diferentes proxectos, deberá facelo en solicitudes separadas, unha para cada proxecto.

Segunda: tipoloxía dos proxectos

Serán susceptibles de participar nesta convocatoria os proxectos enviados polos solicitantes que cumpran coa cláusula primeira destas Bases e que comprendan a posta en marcha de proxectos que respondan ás seguintes características:

1. Os proxectos susceptibles de recibir axuda nesta convocatoria deben responder a algún dos seguintes fins:
 - a. Promoción dos autores e as súas obras. Fomento da nova creación.
 - b. Formación e desenvolvemento de estudos orientados á mellora do sector (profesionalización, técnicas creativas, estrutura do sector, financiamento, políticas culturais, etc.)
 - c. Accións asistenciais para autores ou colectivos de autores en risco de exclusión social.
2. Os proxectos obxecto desta convocatoria deben comezar posteriormente ao 1 de xaneiro de 2018 e deben finalizar antes do 31 de marzo de 2019.

A convocatoria presenta unha dotación total de 150.000 euros distribuídos da seguinte maneira:

- 70.000 euros para asociacións ou federacións de asociacións no campo da música.
- 47.000 euros para asociacións ou federacións de asociacións no campo do audiovisual.

- 33.000 euros para asociacións ou federacións de asociacións no campo das artes escénicas.

No caso de proxectos ou de asociacións ou federacións que presenten unha natureza transversal, os importes destes serán asignados proporcionalmente entre as distintas áreas.

Os proxectos deberán ser presentados xunto cunha descrición destes e un cronograma detallando as datas das actividades e os lugares nos que estas terán lugar. Os proxectos deben ir acompañados da documentación necesaria que demostre a súa viabilidade, así como dos orzamentos de gastos e ingresos correspondentes atribuíbles a cada proxecto.

Terceira: achega da Fundación SGAE

A contía máxima atribuíble a cada asociación ou federación de asociacións non poderá superar os 10.000 euros (impostos incluídos) como suma das cantidades asignadas a proxectos. Da mesma maneira, ningún proxecto poderá recibir unha axuda superior aos citados 10.000 euros (impostos incluídos)

Cuarta: documentación

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

1. Formulario de solicitude debidamente cumprimentado por vía telemática.
2. Copia do CIF da asociación ou federación.
3. Copia do NIF da persoa que represente legalmente á asociación ou federación.
4. Documentación acreditativa de que a persoa indicada no número 3 representa legalmente á asociación ou federación. Para estes efectos deberán presentarse: os estatutos da entidade, a resolución de inscrición do cargo no Rexistro de Asociacións e/ou a escritura de poder. O cargo ten que estar vixente.
5. Breve resumo da actividade máis significativa desenvolvida pola asociación ou federación.
6. Descrición do proxecto para o que se solicita a axuda e cronograma.
7. Orzamento detallado de custos e ingresos.
8. Certificación da colaboración doutras entidades, no seu caso.
9. Declaración xurada asinada polo presidente actual da asociación ou federación indicando o número de asociados activos a data 1 de marzo de 2018.
10. Outra documentación adicional.

Quinta: criterios de avaliación

Para a avaliación das solicitudes recibidas teranse en conta o seguintes criterios.

- a) Criterios relativos á asociación ou federación que propón o proxecto
 1. Ámbito de actuación, priorízanse aquelas asociacións ou federacións que contemplan un maior campo de acción.
 2. Representatividade e número de asociados, priorízanse aquela asociación ou federacións que ostenten unha maior representatividade e/ou un maior número de asociados.
 3. Actividade, priorízanse aquelas asociacións ou federacións que desempeñen actividade regular.
- b) Criterios relativos aos proxectos

1. Valoraranse especialmente aqueles aspectos recolleitos no Plan Director da Fundación SGAE, entre os que podemos destacar, a estes efectos, os seguintes:

- Facilitar a relación da autoría co conxunto da sociedade.
- Promover a pedagogía social sobre o dereito de autor.
- impulsar o acceso á cultura.
- Fomentar as novas expresións artísticas e os proxectos multidisciplinares no conxunto do repertorio sobre o que traballa a Fundación SGAE.
- Colaboración con outras institucións e organizacións.
- Fomento da participación das autoras.

2. Viabilidade técnica do proxecto en función dos orzamentos presentados.

3. Número de beneficiarios dos proxectos, priorízanse aqueles proxectos que teñan como obxectivo un maior número de destinatarios.

Ademais, terase en conta a súa potencial repercusión sociocultural e a eficiencia na aplicación dos recursos achegados, se fose o caso, por estas axudas.

Sexta: presentación de solicitudes e prazo

1. O formulario de solicitude estará dispoñible na web da Fundación SGAE www.fundacionsgae.org. Deberá usarse o formato electrónico do formulario, e será necesario encher todos os campos. A Fundación SGAE xustificará o recibo de todas as solicitudes. As solicitudes que non acheguen a documentación solicitada nestas Bases terán un prazo máximo de 15 días para a corrección desde a notificación correspondente.

2. O prazo de presentación das solicitudes para esta convocatoria 2018 iníciase o luns 19 de marzo e mantéñase aberto até as 24.00 do venres 25 de maio. As solicitudes recibidas fóra do devandito prazo serán desestimadas.

Sétima: procedemento e resolución de solicitudes

1. Un Comité de Avaliación encargarase de estudar e avaliar as solicitudes que cumpran os requisitos indicados nestas Bases.

2. O Comité decidirá a concesión das axudas e a súa resolución será comunicada a todos os interesados por escrito.

3. A resolución do Comité será inapelable.

4. No suposto de resolución positiva por parte do Comité a documentación achegada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá mentres devandito convenio estea vixente.

Oitava: formalización da colaboración

A Fundación SGAE e o solicitante cuxo proxecto fose aprobado, subscribirán un convenio de colaboración específico que haberá de conter, necesariamente, as Bases establecidas neste documento e a información que enumeramos a continuación, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigacións de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
3. Importe da axuda concedida.
4. Forma de pago.
5. Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE e memoria final).

No caso de que una mesma asociación ou federación reciban axudas para diferentes proxectos nesta mesma convocatoria, asinarase un único convenio que regulará as relacións entre a Fundación SGAE e a asociación ou federación para o desenvolvemento dos diferentes proxectos seleccionados.

Novena: Deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Toda a información e datos persoais que as partes fornezan na xestión do proxecto teñen carácter confidencial e non poderán ser revelados a terceiros nin utilizados para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións establecidas pola lexislación vixente.

Os datos de carácter persoal que voluntariamente facilite o solicitante incorporaranse nun ficheiro responsabilidade da Fundación SGAE, que será notificado ao Rexistro Xeral de Protección de Datos da AEPD. O titular do Dereito Fundamental á Protección de Datos Persoais conta cos dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, para a atención do director xeral, rúa Bárbara de Bragança, 7, 28004 Madrid. A Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

Décima: normas xerais

1. O solicitante incluirá o logotipo de Fundación SGAE e de SGAE na promoción que realice do proxecto, tales como publicidade, carteis, catálogos, folletos e outros análogos.
2. A presentación da solicitude por parte do solicitante implica a aceptación tácita deste das condicións e Bases establecidas no presente documento e leva a autorización do solicitante para que a Fundación SGAE poida difundir información da axuda prestada nas súas Memorias e demais publicacións.
3. O solicitante exime a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incurrir o solicitante respecto da realización e desenvolvemento do proxecto.
4. Fundación SGAE non adquire, en virtude deste contrato, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa realización e desenvolvemento do proxecto distinta da achega concedida.
5. A lexislación aplicable ao presente documento é a española e as partes sométense expresamente á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital, renunciando ao foro que puidese corresponderlles.

Para máis información: informacion@fundacionsgae.org